

**Agora máis que nunca...**

**Garante a Túa Estabilidade,**

**Asegura o Teu Futuro**

VOTA ELECCIÓNS SINDICAIS

23 DE FEBREIRO DE 2021

Agora máis que nunca...

Garante a Túa Estabilidade,

Asegura o Teu Futuro

Esta é a proposta sindical que che ofrecemos en momentos de máxima incertidume, cando as preguntas soan máis que as respostas.

UTO-UGT, coma fixo sempre, ofréceche a seguridade e o compromiso dun sindicato que, de forma constante, permanece ao teu lado para asegurar a túa estabilidade e o teu futuro.

Non son momentos de demagoxias nen de brindes ao sol, como pretenden algúns. Son momentos de responsabilidade, para dar resposta as nosas necesidades, con decisións e con confianza.

Os traballadores e traballadoras da ONCE coñecedes perfectamente a UTO-UGT. Coñecémonos todos e todas, pois compartimos tanto oficinas como as rúas das nosas vilas e cidades.

Únenos as mesmas inquedanzas, ilusións, esperanzas, necesidades e compromisos. E únenos tamén unha CASA, a ONCE, que, entre todos e todas, debemos preservar e afianzar, para poder seguir avanzando cara ao futuro.

Dende hai case un ano, estamos a vivir o peor que nos podía pasar, unha feroz pandemia provocada pola COVID-19. Algo inimaxinable e con tremendas consecuencias para a sociedade, tanto económicas como sociais e, loxicamente, tamén para todos e todas nos.

Pero unha vez máis, os homes e mulleres da ONCE demostrástedes o compromiso que, como profesionais, tedes coas vosas responsabilidades e o compromiso que, igualmente, vos une a UTO-UGT, e, entre todos e todas, baixo a consigna “MÁIS XUNTOS QUE NUNCA”, estivemos, durante o confinamento, en permanente contacto uns cos outros, utilizando os teléfonos e as novas tecnoloxías de comunicación, para manernos unidos. Desta maneira, tivemos a capacidade, con moito sacrificio, traballo e esforzo, de buscar solucións e adoptar acordos na Mesa de Negociacións coa ONCE, co obxectivo de:

- + Garantir o mantemento dos postos de traballo.
- + Garantir a estabilidade económica e laboral.
- + Garantir a sostibilidade da Institución.

Desta maneira, coas medidas adoptadas, puidemos afrontar en mellores condicións e cunhas razoables e positivas perspectivas de futuro, unha situación tremendamente complicada para a gran maioría da cidadanía do noso país.

Isto dános forzas e impulso para avanzar, e poder seguir tendo un horizonte un pouco máis despexado de futuro, si actuamos con responsabilidade e con obxectivos claros, enfocados no benestar e a seguridade dos traballadores e as traballadoras da Institución.

Como sempre, UTO-UGT, defendeu con firmeza os intereses do plantel de traballadores; por suposto, tamén na negociación do primeiro ERTE da historia da ONCE, no que pactamos as mellores condicións para vos, os traballadores e traballadoras da ONCE, complementando a ONCE, a proposta de UTO-UGT, as cantidades establecidas polo Goberno, até garantir o cobro do salario base, complemento de escala e antigüidade.

Pactamos igualmente outros tipos de acordos beneficiosos para todos os traballadores e traballadoras, así como axudas económicas directas, sen xuros, para todos os afectados polo ERTE, ao mesmo tempo que préstamos, en inmejorables condicións, para as familias con maiores dificultades. Unha negociación que foi valorada positivamente, tanto interna como externamente, dadas as condicións sociais, sanitarias e económicas tan adversas polas que atravesaba o noso país.

E o máis importante: todos os acordos acadados, realizáronse baixo unha premisa fundamental para UTO-UGT:

“que todos os traballadores e traballadoras, unha vez finalizado o estado de alarma e adoptadas cantas medidas de seguridade fosen necesarias, para garantir a nosa saúde, volveríamos novamente aos nosos postos de traballo”.

Lamentablemente, outras empresas non ofreceron esa resposta. Son moitos os traballadores e traballadoras que ven como as súas empresas non poden remontar a crise xenerada pola pandemia ou, simplemente, prescindiron deles. Os datos do paro, no último trimestre de 2020, medraron novamente, alcanzando a máis de tres millóns setecentas mil persoas a finais de ano. Nesta situación, o emprego das persoas con discapacidade descendeu un 32% no terceiro trimestre.

En canto á Seguridade e Saúde para os traballadores e traballadoras, e de maneira especial, polo seu traballo, os vendedores e vendedoras, realizamos un seguimento permanente, mediante propostas e exixencias de UTO-UGT ante os Comités de Seguridade e Saúde, conseguindo polas medidas adoptadas e a profesionalidade demostrada, unha protección moi positiva ante a incidencia da COVID-19, entre o plantel da ONCE.

Porén, neste ano que acabamos de comezar e ante os retos os que temos por diante, continuaremos “MÁIS XUNTOS QUE NUNCA”, para seguir GARANTINDO a nosa ESTABILIDADE e o noso FUTURO, nas mellores condicións.

UTO-UGT é o único sindicato que, co teu apoio, o pode conseguir

**por responsabilidade e polo seu compromiso contigo**

Como así vén sendo ao longo da súa historia.

UTO-UGT naceu para defender os intereses dos traballadores e traballadoras da ONCE, para consolidar o seu presente e para construír un futuro baseado na estabilidade que, AGORA MÁIS QUE NUNCA, é tan necesaria.

UTO-UGT confirmou, coas súas sexixencias e capacidade sindical, durante a última crise que golpeou o noso país, e que agora planea novamente sobre as nosas cabezas, que buscando solucións e fórmulas, económicas e laborais, desde a responsabilidade, o recoñecemento e o esforzo común, foi posible a recuperación económica dos traballadores e traballadoras.

Co compromiso “O máis importante:Ti. O teu traballo, o teu soldo e o teu benestar” : presentámosvos, nas pasadas

eleccións , o noso programa electoral. Un conxunto de propostas e fórmulas que UTO-UGT plantexou na Mesa de Negociacións do XVI Convenio Colectivo e que permitiron, nos últimos catro anos, logros tan importantes como:

+ Obter subidas salariais, na súa vixencia, que triplicaron o IPC deses anos. Entre 2017 e 2020, o IPC creceu un 2,6%, mentres que a subida do salario base dos traballadores e traballadoras da ONCE, neses 4 anos, foi do 8%.

+ Manter a estabilidade laboral e os postos de traballo.

+ Conseguir un teito e mínimo de vendas sen incrementos durante os últimos 8 anos, facilitando así o cobro de comisións.

+ Establecer un reparto lineal, para os traballadores e traballadoras, percibido no mes de abril de cada ano, en base ao pacto de UTO-UGT no Convenio, polos resultados económicos da ONCE. No mes de abril de 2020, durante o confinamiento pola pandemia, os traballadores e traballadoras cobramos 574,38 euros por este concepto. Máis de 33,45 millóns de euros repartidos entre os traballadores, en vixencia no XVI Convenio Colectivo.

+ Importantes melloras en Igualdade e en conciliación familiar e laboral.

+ Seguir xerando emprego indefinido na ONCE, por acordo no Convenio Colectivo , asinado por UTO-UGT. Máis de 4.000, en vixencia.

+ Gran avance na promoción laboral na ONCE, o que permitiu que un importante número de compañeiros e compañeiras promocionaran laboralmente.

+ Melloras significativas , para os compañeiros e compañeiras júniors para alcanzar o grao sénior, unha vez superado os dous

anos de contrato, e no incremento do seu soldo base, mediante a negociación colectiva.

UTO-UGT tamén cumpriu os compromisos contraídos cos traballadores e traballadoras na defensa da ONCE, doutros intereses e ataques, externos e internos, que intentaron poñer en perigo a súa estabilidade e a seguridade das persoas que traballamos nela. Por iso, este sindicato sitúase permanentemente en:

+ A defensa do noso espazo no mercado do xogo, fronte a aqueles que pretendan reducir a pequena cota de mercado que representamos.

+ A defensa contra o xogo ilegal que se aproveita da nosa imaxe, profesionalidade e discapacidade, imitando os produtos que comercializamos. Promovendo, para iso, accións fronte aos poderes públicos para erradicar a lacra do xogo ilegal.

Outros sindicatos mantivéronse totalmente á marxe, mirando para outro lado.

+ A defensa fronte ás alianzas de Grupos Políticos, co apoio de sindicatos que operan na ONCE, que pretendan ir contra a Institución, os seus fins fundacionais e a súa sostibilidade; atacando así directamente e podendo poñer en serias dificultades, ás persoas que formamos parte dela. Ante isto, UTO-UGT, unha vez máis, puxo enriba da mesa dos grupos políticos máis representativos do noso país, as estratexias precisas para deter o acoso e derrubo sufrido pola ONCE e, en consecuencia, os traballadores e traballadoras que dependemos dela, acadando o seu apoio e rexeitamento destes feitos.

Ao longo destes catro anos, conseguimos, XUNTOS, superar un camiño moi difícil, sobre todo, no último tramo, no que, TODOS e TODAS, demos unha auténtica lección de responsabilidade.

Nesta nova lexislatura que temos por diante, e agora máis que nunca, comprometémonos, XUNTO A TI, a seguir facéndoo.

Porque as prioridades de UTO-UGT están sempre contigo, por iso ofrecémosche:

**Un programa DE CONFIANZA NO FUTURO**

Un programa **DE ILUSIÓN**

Un programa **DE NOVOS COMPROMISOS**

**Un Programa Electoral que:**

Agora máis que nunca

Garante o Túa Estabilidade

E asegura o Teu Futuro

Para iso, UTO-UGT comprométese novamente contigo, con este Programa Electoral, que nos permitirá avanzar e superar, XUNTOS, calquera dificultade que se nos presente.

Para conseguilo, os nosos compromisos sindicais centraranse, prioritariamente en:

+ Garantir a estabilidade dos nosos postos de traballo e continuar xerando emprego indefinido na ONCE.

+ Seguir garantindo os dereitos e intereses dos traballadores e traballadoras da ONCE, progresando na mellora continua do clima laboral.

- + Potenciar a promoción laboral interna e favorecer accións formativas para realizar previsións de cobertura de postos de traballo futuros.
- + Asegurar os nosos ingresos económicos, incorporando novos sistemas de melloras retributivas para todos os traballadores e traballadoras, mantendo os repartos económicos, en función dos resultados anuais da ONCE.
- + Camiñar cara á equiparación do salario base júnior co do sénior, acorde á liña emprendida por UTO-UGT, nos últimos anos.
- + Avanzar na implementación e mellora, para os traballadores e traballadoras, nos modelos de participación por venda de produtos de lotaría por outros canais.
- + Manter e mellorar as medidas de conciliación familiar, para poder estar, compartir e atender aos nosos familiares máis directos.
- + Seguir considerando ao TPV como unha ferramenta en permanente evolución, impuxando desde UTO-UGT as funcionalidades do novo terminal e as súas melloras tecnolóxicas, acordes ás necesidades dos vendedores e vendedoras. Sendo irrenunciable, para este sindicato, a ampliación do seu servizo de mantemento.
- + Incrementar o ritmo de implantación dos novos quioscos, e do seu mantemento.
- + Renovación e mellora da dotación de ferramentas aos traballadores e traballadoras.
- + Seguir promovendo a participación activa das mulleres na vida Institucional e laboral da ONCE, mesmo nos postos de responsabilidade.



Ti

Ademais destes compromisos prioritarios, que nos garanten o máis importante para os traballadores r traballadoras, UTO-UGT seguirá traballando, igualmente, con absoluta intensidade, noutros moitos aspectos que son fundamentais para os homes e mulleres da ONCE e, en consecuencia, para este sindicato, como:

+ Buscar fórmulas de mellora permanente, en todo o relativo ao circuito de xogo:

- Automatización da Unidade de Preparado, facilitando a distribución dos produtos de xogo e reduciendo os tempos de entrega.

- Mellorar o sistema de xestión da conta vendedor, de forma que facilite a recaudación por vendas que axilice e simplifique as tarefas de liquidación.

- Seguir coa análise continua, en profundidade, de toda a normativa referente ao xogo, mellorando aqueles aspectos que poidan ofrecer as máximas garantías laborais aos vendedores e vendedoras.

+ Traballar, conxuntamente coa ONCE, para acadar un novo Acordo co Goberno, que garanta o futuro e a estabilidade comercial das nosas lotarías, as nosas cotas de mercado e, en consecuencia, a estabilidade dos postos de traballo e a creación de emprego.

+ Avanzar en novos proxectos comerciais e na continua renovación dos nosos produtos de lotarías, que nos permitan competir con outros operadores de xogo e incrementar a cota de mercado, que sen dúbida revertirá nunha maior estabilidade económica e laboral.

- + Fomentar a participación da mocidade en todas as áreas da ONCE, plantexando novas liñas de estratexia e actuación.
- + Seguir garantindo a non discriminación por orientación sexual, identidade de xénero e/ou características sexuais.
- + Avanzar en materia de teletraballo na medida que a actualidade o esixa.
- + Favorecer a asistencia dos traballadores e traballadoras a tratamentos de atención temperá e de saúde para as fillas e os fillos con discapacidade ou enfermidades graves.
- + Potenciar a figura do Axente de Igualdade, instituída a proposta de UTO-UGT, como peza clave para un futuro máis igualitario.
- + Seguir apostando por unha formación continua, vinculada directamente coa negociación colectiva, para garantir o dereito á mellora profesional dos traballadores e traballadoras da ONCE; adaptándonos aos tempos cambiantes e apoiando accións formativas en formato dixital.
- + Continuar impulsando e facilitando o uso das novas ferramentas tecnolóxicas, entre os traballadores e traballadoras.
- + Avanzar cara un modelo de traballo saudable, valorando activamente a saúde e a seguridade da contorna física, o benestar psicosocial e os recursos de saúde no espazo laboral; promocionando así a mellora da cultura preventiva.

Agora máis que nunca....

Garante a Túa Estabilidade,

Asegura o Teu Futuro

Vota

UTO-UGT

